

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2019/17	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	29 de abril de 2019
Duración	Desde as 19:10 ata as 19:35 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS
Secretario	ELEUTERIO PENA LAMAS

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	NON
78734984G	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO	NON
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	SÍ
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	SÍ
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	NON
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNGELA VIZOSO MARCOS	SÍ

Escusas de asistencia presentadas:
1. XOSE MANUEL PAZOS VARELA:
«Decreto de delegación nº 2019-0582»





Concello de Cangas

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

Expediente 2466/2019. Solicitud de sinalización

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por E. F. C., na que demanda autorización municipal para a instalación de sinal de pasaxe permanente na Avda. de Lugo, nº X-Coiro.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe favorable emitido ao respecto en data 24.04.2019 pola policía local acorda aprobar a solicitude do Sr. Fernández Cordeiro, para a instalación de e pasaxe permanente en Avda. de Lugo nº X.

O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.

Expediente 2291/2019. Solicitud de sinalización

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por P. J. M., na que demanda autorización municipal para a instalación de sinal de pasaxe permanente en rúa María Soliña, nºX-Cangas.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe favorable emitido ao respecto en data 18.04.2019 pola policía local acorda aprobar a solicitude do Sr. J. M., para a instalación de e pasaxe permanente en rúa María Soliña, nº X-Cangas.

O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.

Expediente 3698/2018. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3698/2018.- Conceder a A. I. S. P., con enderezo a efectos de notificacións en X titular do DNI nº X, agás o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra para en solo regulado pola ordenanza URNU, construír unha edificación adxetiva de 49,00 m2., para garaxe adosada á vivenda principal, en parcela sita en rúa do Regueiro, nº X-Piñeiro-Darbo (referencia catastral X) de conformidade co proxecto básico elaborado polo arquitecto

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850





técnico F. M. L. de data xullo de 2018. A licenza outorgarase condicionado a que deberá cumprir co sinalado pola Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, no referente aos materiais a empregar nos núcleos de poboación e tamén en canto á obriga de conexión cos servizos existentes no núcleo e a formalizar perante o Catastro Inmobiliario a declaración conducente a incorporación neste da modificación do inmovible derivada da actuación para a que se outorga a presente licenza. O presuposto de execución material das obras ascende trece mil douscentos sesenta e un euros con oitenta e oito céntimos (13.261,88 €).

Expediente 570/2019. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 570/2019.- Conceder a R. M. R. e R. M. R., con enderezo a efectos de notificacións en enderezo electrónico a efectos de notificación en X, titulares do DNI nº X e X, agás o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra, para a construción de unha vivenda unifamiliar en X-O Tgrexario-O Hío (referencia catastral X), de conformidade co proxecto técnico elaborado polo arquitecto F. B. P. de data xaneiro de 2019. A licenza outorgarase condicionada a que, antes do inicio das obras, presenten proxecto de execución de obras visado e oficio da dirección de obras e execución destas, de conformidade co sinalado pola Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, no referente aos materiais a empregar nos núcleos de poboación e tamén en canto á obriga de conexión cos servizos existentes no núcleo e a formalizar perante o Catastro Inmobiliario a declaración conducente á incorporación neste da modificación do inmovible derivada da actuación para a que se outorga a presente licenza. O presuposto de execución material das obras ascende a cento trinta mil douscentos quince euros con vinte e cinco céntimos (130.215,25 €).

Acéptase a cesión para ampliación do vieiro municipal formalizada en acta de comparecencia de data 24 de abril de 2019 por unha superficie de 5,74 m²., e o aval depositado en Abanca en data 25.04.2019, por importe de catrocentos sesenta e oito euros con cincuenta e cinco céntimos (468,55 €), para responder das obras de urbanización.

Expediente 1369/2019. Prórroga de licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1369/2019. Expediente nº 22.950.- Licenza municipal nº 22.253.- Conceder a A. R. F. a prórroga da licenza solicitada nº 22.253, por un período de trinta e seis meses, de conformidade co previsto no artigo 145 da lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia e visto o informe favorable do arquitecta municipal de data 17.04.2019 obrante no expediente.

Expediente 4692/2018. Licenza de parcelación urbanística





Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>EXPEDIENTE Nº 4692/2018.- Visto o expediente de solicitude de licenza de parcelación urbanística que promove F. J. F. F., en representación de "Sociedade para a Innovación e Estudio do solo SL", titular do DNI nº X, consistente en parcelar un predio inicial de 3.161,78m2., sita en Santa Marta-Darbo (referencia catastral X e X), en tres parcelas resultantes, de conformidade co proxecto técnico elaborado polo arquitecto F. J. F. F. de data xullo de 2018.</p> <p>Vistos os informes técnicos obrantes no expediente propónse á Xunta de Goberno Local:</p> <p>PRIMEIRO.- Autorizar a parcelación solicitada por F. J. F. F., en representación de "Sociedade para a Innovación e Estudio do solo SL", para parcelar un predio inicial de 3.161,78 m2., sita en Santa Marta-Darbo (referencia catastral X e X) en tres parcelas resultantes, de conformidade co proxecto técnico elaborado polo arquitecto F. J. F. F., modificado o 19.04.2019 do cal resultan as seguintes parcelas netas: parcela 1 de 1.420,71 m2.; a parcela 2 de 819,39 m2.; e a parcela 3 de 821,13 m2.; e as parcelas de cesión para ampliación do vieirio que suman un total de 100,55 m2.</p> <p>SEGUNDO.- Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos conlevará a obriga da cesión libre de cargas dos terreos sitios fóra de aliñacións establecidas polo planeamento, a eficacia da licenza queda condicionada á presentación da escritura de cesión ao Concello no prazo de un mes, desde a notificación da concesión da licenza, por unha superficie de 100,55 m2. De non aportar dita escritura de cesión a licenza quedará sen efecto.</p>	

Expediente 2237/2019. Comunicación previa en materia urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>EXPEDIENTE Nº 2237/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por M. J. A. G., titular do DNI Nº X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Real, nº X-Cangas, para acondicionamento de local para perruquería en rúa Real, nº X-Cangas (ref. catastral X), de conformidade coa documentación técnica redactada polo arquitecto R. O. S., de data 4 de febreiro de 2019. A obra desenvolverase no ámbito de afección do PEPRI e cumprirá coa súa normativa de aplicación. O presuposto de execución material ascende a novecentos sesenta e nove euros concorrenta céntimos (969,40 €).</p>	

Expediente 1801/2019. Comunicación previa en materia urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>EXPEDIENTE Nº 1801/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por D. F. J., para construción de un cerramento de 13,28 ml., pérgola de 27,95 m2., asador e aplacado dun muro en 34,69 ml., no lugar das Barreiras, nº X-Darbo (referencia catastral X), de conformidade coa documentación presentada de data 26</p>	





de marzo de 2019. O presuposto de execución das obras ascende a catro mil douscentos vinte e oito euros (4.228,00 €).

Expediente 1376/2019. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1376/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por F. P. B., para construción de unha edificación auxiliar de 29,70 m2., na Serra de Nacente, nº X-Darbo (referencia catastral X), de conformidade coa documentación presentada polo arquitecto técnico R. S. C. de data 9 de febreiro de 2019. O presuposto de execución das obras ascende a tres mil cincocentos trinta e catro euros con trinta céntimos (3.534,30 €).

Expediente 1755/2019. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1755/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por J. R. M., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Fomento, nº X-Cangas, para reparación de cuberta da vivenda existente no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade coa documentación redactada polo arquitecto técnico R. S. C., de data 22 de marzo de 2019. A obra desenvolverase no ámbito de afeción do PEPRI e cumprirá coa súa normativa de aplicación. O presuposto de execución material ascende a dous mil cincocentos oitenta euros (2.580,00 €).

Expediente 1797/2019. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1797/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por M. O. G., para dous cerramentos lindeiros; un de 11,00 ml., e outro de 12,00 ml., e un embaldosado exterior nunha superficie de 29,00 m2., en estrada Vilanova, nº X-O Hío (referencia catastral X) de conformidade coa documentación presentada de data 25 de marzo de 2019. O presuposto de execución das obras ascende a dous mil seiscentos sesenta e dous euros (2.662,00 €).

Expediente 2718/2018. Comunicación previa de cambio de titularidade de licenza de obras

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2718/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por T. G. M. e A. M. F., para cambio de titularidade da licenza de obra para construción de vivenda e cerramento no lugar de Camiño do Casal-Daravelo-Darbo, a cal estaba a nome de M. R. N. e M. J. R. N.





Expediente 7296/2017. Comunicación previa de actividade

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 7296/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por "CACHOPIDO SL", titular do CIF nº X, con enderezo a efectos de notificacións en Donón, nº X, para actividade de turismo rural, en edificación sita en Donón, nº X-O Hío (referencia catastral X), visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 9 de abril de 2019 obrante no expediente.

Expediente 1911/2019. Comunicación previa de actividade

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1911/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por M. D. D., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en Rúa Cega, nº X, para actividade de pensión de dúas estrelas en edificación sita en rúa Cega, nº X, Cangas (referencia catastral X), segundo o informe favorable da arquitecta de data 22 de abril de 2019.

Expediente 1903/2019. Comunicación previa de actividade

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1903/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por A. M. R. C., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en Rúa Cega, nº X-Cangas, para actividade de pensión de dúas estrelas en edificación sita no referido lugar (referencia catastral X), segundo o informe favorable da arquitecta de data 22 de abril de 2019.

Expediente 5994/2018. Expediente de restauración da legalidade urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente o informe-proposta de data 25.04.2019 emitido pola xefa de urbanismo, referente a expediente nº 5994/2018 de restauración da legalidade urbanística, que di o seguinte:

"De acordo co ordenado pola Alcaldía, emítase o seguinte INFORME-PROPOSTA:

PRIMEIRO.- R. G. C., titular do DNI nº X, presenta o 4 de abril de 2019, escrito solicitando a nulidade do acordo da Xunta de Goberno Local adoptado o 6 de abril de 2011, polo cal se impuxo unha sanción de dous mil oitocentos cincuenta euros (2.850,00 €), pola realización de obras sen licenza no lugar da Serra de Nacente, nº X-Darbo.

SEGUNDO.- As administracións públicas, en calquera momento, por iniciativa propia ou a solicitude do interesado e previo ditame favorable do Consello de Estado ou órgano consultivo





equivalente da Comunidade Autónoma, se o houbera, declararán de oficio a nulidade dos actos administrativos que poñan fin á vía administrativa ou que non sexan recorridos en prazo, nos supostos previstos no artigo 47.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Trátase dun mecanismo excepcional: a administración pode declarar a invalidez dos seus propios actos sen intervención xudicial, pero só en supostos de invalidez grave ou cualificada e, por tanto, trátase dun suposto máis restritivo que o da declaración de lesividade.

O procedemento para acordar a nulidade de pleno dereito, regúlase no artigo 106 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Non hai un prazo máximo para a revisión de oficio. Con todo, non é posible exercitala cando o tempo transcorrido ou por outras circunstancias, o seu exercicio resulte contrario á equidade, á boa fe, ao dereito dos particulares ou ás leis.

A revisión de oficio derivou nunha acción de nulidade a disposición dos particulares, que poden solicitar da administración autora do acto a instrución dun procedemento de revisión de oficio.

TERCEIRO.- A lexislación aplicable é a seguinte:

— Os artigos 47.1, 106, 108, 110 e disposición adicional terceira da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

— Os artigos 4.1.g), 22.2.j) e 110 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.

— Os artigos 12.f) e 24.1 da Lei 3/2014, de 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia.

CUARTO.- Poderán impugnar os actos e acordos das entidades locais que incorran en infracción do ordenamento xurídico nos casos e termos previstos nos artigos 217 e 218 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, os membros das corporacións locais que votasen en contra dos actos ou acordos.

Así mesmo, os entes locais poderán impugnar as disposicións e actos da administración da Comunidade Autónoma que lesionasen a súa autonomía, de conformidade co establecido na lexislación básica do Estado na materia e na lexislación reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

QUINTO.- O órgano competente para a revisión de oficio poderá acordar motivadamente a inadmisión a trámite das solicitudes formuladas polos interesados, sen necesidade de solicitar ditame do Consello de Estado ou órgano consultivo da Comunidade Autónoma, cando estas non se baseen nalgunha das causas de nulidade do artigo 47.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou carezan manifestamente de fundamento, así como, no caso de que se desestimaron en canto ao fondo outras solicitudes substancialmente iguais.

SEXTO.- Na resolución de nulidade dun acto pódese incorporar de maneira discrecional, o outorgamento dunha indemnización aos interesados, cando da ilegalidade cometida polo Concello derivouse un dano efectivo, individualizable, avaliable economicamente, que o





particular non tivese o deber xurídico de soportar. Con todo, tamén nestes supostos de revisión de actos nulos a instancia do particular a cousa xulgada limita as facultades de revisión.

É dicir, que o Concello ao declarar a nulidade dunha disposición ou acto, poderán establecer, na mesma resolución, as indemnizacións que proceda recoñecer aos interesados, se se dan as circunstancias previstas nos artigos 32.2 e 34.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público, sen prexuízo de que, tratándose dunha disposición, subsistan os actos firmes ditados en aplicación desta.

SÉTIMO.- Cando o procedemento se iniciase de oficio, o transcurso do prazo de seis meses desde o seu inicio sen ditarse resolución producirá a caducidade deste. Se o procedemento se iniciase a solicitude de interesado, poderase entender esta desestimada por silencio administrativo.

OITAVO.- No caso de que o órgano competente estime a apertura do período de información pública, deberá cumprirse durante todo o proceso coas esixencias de publicidade activa, en virtude do disposto no artigo 21.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na normativa vixente en materia de transparencia.

NOVENO.- O procedemento para levar a cabo a revisión de oficio dun acto nulo é o seguinte:

A) Posta en coñecemento da Corporación a posibilidade de que un acto administrativo estea incurso en causa de nulidade de pleno dereito, por concorrer algunha das circunstancias do artigo 47.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o Pleno/Xunta de Goberno Local, previo ditame da comisión informativa correspondente, acordará o inicio do expediente de revisión de oficio, suspendendo, no seu caso, a execución do acto cando puidese causar prexuízos de imposible ou difícil reparación.

(Téñase en conta que a competencia para revisar un acto nulo corresponderá ao órgano que sexa competente por razón da materia, agás que se ditan por órgano incompetente, en virtude dos artigos 21.1.k) e 22.2.j) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local).

B) Iniciado o procedemento, darase trámite de audiencia aos interesados, por prazo de QUINCE DÍAS, para que aleguen e presenten os documentos e xustificacións que estimen pertinentes.

Así mesmo, poderá acordarse un período de información pública por prazo de VINTE DÍAS, se o órgano competente considera que a natureza do procedemento así o require.

C) Finalizado o trámite de audiencia aos interesados e, no seu caso, o período de información pública, as alegacións que poidan presentarse deberán seren informadas polos servizos técnicos municipais.

D) Tralo devandito informe, emitirase informe-proposta de secretaría, que se elevará ao Pleno/Xunta de Goberno Local, que o fará seu e solicitará ditame preceptivo do Consello Consultivo de Galicia.

[Polo que se refire ao momento de solicitude do ditame do Consello Consultivo de Galicia: 'A





solicitude de ditame ao Consello Consultivo debe formularse una vez tramitado o procedemento de revisión de oficio e previo á resolución deste, debendo remitirse a este órgano consultivo o expediente completo. O informe preceptivo do Consello Consultivo se incardina no procedemento como o último trámite deste' (ditames 142/14 e 144/14, de 2 de abril; en similar sentido o ditame 199/14, de 14 de maio).

Téñase en conta que, conforme o que dispón o artigo 22.1.d) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cando se soliciten informes preceptivos a un órgano da mesma ou distinta administración, poderase suspender o transcurso do prazo máximo legal para resolver un procedemento e notificar a resolución polo tempo que medie entre a petición, que deberá comunicarse aos interesados e a recepción do informe, que igualmente deberá ser comunicada a estes. Este prazo de suspensión non poderá exceder en ningún caso de tres meses. En caso de non recibirse o informe no prazo indicado, proseguirá o procedemento].

O Consello Consultivo deberá resolver as consultas no prazo de un mes, a partir do momento da recepción da solicitude e, transcorrido este prazo, entenderase que non existe obxexión ningunha á cuestión exposta. Cando na orde de remisión do expediente se fixese constar motivadamente a urxencia do ditame, o prazo será de quince días, agás que o presidente da xunta, en atención á materia e urxencia do asunto, fixase outro menor. Todo iso de conformidade co artigo 24 da Lei 3/2014, de 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia.

E) Recibido o ditame favorable do Consello Consultivo de Galicia e, en función do seu contido, resolverase o expediente por acordo do Pleno/Xunta de Goberno, previo ditame da comisión informativa.

(O ditame do Consello Consultivo de Galicia, ademais de preceptivo, é vinculante. Así, o ditame 342/12, de 6 de xuño, sinala que: 'a adopción do acordo de revisión de oficio terá lugar sempre previo ditame favorable do órgano consultivo correspondente, que adquire neste suposto carácter vinculante').

F) O acordo do Pleno/Xunta de Goberno será notificado aos interesados e poderá ser obxecto de publicidade no Boletín Oficial da Provincia, se así se considera necesario, tendo en conta a natureza do acto declarado nulo de pleno dereito.

DÉCIMO.- Na solicitude de nulidade formulada o recorrente alega a nulidade de pleno dereito da sanción urbanística imposta ao resultar contraria ó establecido no artigo 62.1 e) e f) da Lei 30/1992, de 26 de novembro, xa que cando se impuxo a sanción cando o procedemento estaba caducado.

Resulta probado no expediente que a sanción foi imposta unha vez transcorrido o prazo dun ano previsto na Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, artigo 223.2), tras a devolución da notificación do acordo adoptado polo notificador e a posterior remisión desta por correo ordinario, sen que en ningún momento do procedemento se presentase alegación ou recurso ningún.

Como é sabido, a revisión de oficio de actos de administración pública debe basearse na nulidade dos dereitos totais dos que asisten a calquera dos casos contemplados no artigo 62.1 da LRJPAC.

No caso que se nos presenta, invócase as causas previstas nos apartados e) e f) do dito artigo



Cod. Valid
5KLM34L
757QWSJ
Corrección
http://cang
electronica.
mento asi
electronica
desde a pl
xestiona e
Páxina 9



como motivo de revisión, segundo a cal os actos ditados sexan totalmente nulos e sen efecto, ignorando totalmente e absolutamente o procedemento legalmente establecido ou ben actos expresos ou presuntos polos que se adquiran facultades ou dereitos cando se careza dos requisitos esenciais para a súa adquisición.

Así, na revisión de oficio os valores conclúen valores contrapostos que veñen, por unha banda, do principio de seguridade xurídica e, por outra, do principio de legalidade; porque mediante a revisión de oficio a administración expulsa do mundo do dereito algunhas das súas decisións anteriores que, como actos administrativos e por disposición legal expresa, gozan do reforzo da presunción de axuste á legalidade.

A SSTS de 19.03.2018, fala de que os procedementos sancionadores e nos que se exercitan potestades de intervención que poidan producir efectos desfavorables ou de gravame sobre o cidadán caducados, extínguense e son inexistentes.

Como fixeran as sentenzas SSTS 18.01.2017 e 03.02.2010, 'os actos e resolucións administrativas deben ser aprobadas nun procedemento válido, este é un requisito básico do noso sistema administrativo que se incorpora en numerosos preceptos (artigo 53 do LRJPAC), chegando a sancionar coa nulidade de pleno dereito os actos ditados totalmente e absolutamente sen importar o procedemento establecido (artigo 62.1.e) do LRJPAC), de xeito que o procedemento resulta inválido e inexistente como resultado da súa caducidade e deixa de ser unha canle apropiada para dictar unha resolución administrativa válida que decida sobre os méritos, así que, os administradores a devolución está obrigada a reiniciar unha nova'.

Así, a STS 18.01.2017 (RC 515/2013) sinala:

'Se un procedemento caducou polo transcurso do tempo fixado pola lei, como neste caso sucedeu, a resolución que, posteriormente, dite a administración adolece de falta total e absoluta do procedemento legalmente establecido, xa que, ao ter caducado éste, carece de validez para xustificar a decisión, con independencia de que sexa posible incoar un novo procedemento de subsistir razóns determinantes para iso, pero o que non cabe soste é que o incumprimento dos prazos para resolver, como sucedeu no caso enxuzado, constitúe unha mera irregularidade non invalidante, en contra do declarado por esta Sala do Tribunal Supremo, ao definir o alcance e significado da caducidade do procedemento administrativo, entre outras na Sentenza de data 24 de setembro de 2008 (RC 4455/2004). Cando a administración (art. 44 da Lei 30/1992, redactado por Lei 4/1999), exercita potestades de intervención susceptibles de producir efectos desfavorables, como no presente caso e non resolve o procedemento no prazo expresamente establecido pola lei, a caducidade do procedemento se produce 'ex lege', de modo que dita administración, unha vez transcorrido o prazo fixado pola lei para ditar resolución expresa, como sucedeu neste suposto, debe declarar a súa caducidade e archivar as actuacións, sen prexuízo de que fose posible, como indicamos, a incoación dun novo procedemento de concorrer as causas para declarar a caducidade da concesión do embarcadeiro'.

Visto canto antece, quen subscribe este informe eleva a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN ao órgano competente.

PRIMEIRO.- Iniciar o procedemento de revisión de oficio da sanción imposta a R. G. C., pola Xunta de Goberno Local mediante acordo de 6 de abril de 2011, por importe de dous mil oitocentos cincuenta euros (2.850,00 €), por considerar que se atopa incurso na seguinte causa de nulidade: artigo 47.1 e) da Lei 39/2015, de 1 de outubro,





do procedemento administrativo común das administracións públicas, acto ditado prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido ou das normas que conteñan as regras esenciais para a formación da vontade dos órganos colexiados, ao ter transcorrido, no momento da imposición da sanción, o prazo de caducidade de un ano, previsto no artigo 223.2 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia para resolver o expediente sancionador.

SEGUNDO.- Suspender a execución do acto administrativo impugnado e dar traslado deste acordo ao ORAL.

TERCEIRO.- Notificar o inicio do procedemento aos interesados para que, no prazo de QUINCE DÍAS, presenten as alegacións e suxestións que consideren necesarias.

CUARTO.- Dar traslado do expediente, una vez finalizado o trámite de audiencia, aos interesados, aos servizos municipais para que informen as alegacións presentadas.

QUINTO.- Remitir o expediente á secretaría, tras o informe técnico, para a emisión do informe-proposta.

SEXTO.- Cos informes anteriores, trasládese a proposta á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que se realice.

SÉTIMO.- Solicitar, realizados todos os trámites anteriores e achegando a proposta de resolución, o ditame do Consello Consultivo de Galicia.

OITAVO.- Suspender o prazo máximo legal para resolver o procedemento polo tempo que medie entre a petición do ditame ao Consello Consultivo de Galicia".

Expediente 1983/2019. Expediente de restauración da legalidade urbanística

Desfavorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente o informe-proposta de data 25.04.2019 emitido pola xefa de urbanismo, referente a expediente nº 1983/2019 - 79-2005-S, de restauración da legalidade urbanística, que di o seguinte:

"De acordo polo ordenado pola alcaldía, emito o seguinte:

INFORME- PROPOSTA

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Con data 1 de abril de 2019, rexistro de entrada nº 3836, F. J. M. C., con enderezo a efectos de notificacións en Estrada de Aldán, nº X-Darbo, presenta RECURSO EXTRAORDINARIO DE REVISIÓN fronte á resolución de Alcaldía de data 30 de maio de 2007 do Concello de Cangas, pola que estima parcialmente o recurso de reposición interposto contra a resolución de data 24 de xullo de 2006, e se acorda a imposición dunha sanción urbanística de seis mil un euros (6.001,00 €), por realizar aportación de terras invadindo o canle do río Pontillón, en virtude do principio de proporcionalidade e contra a propia resolución inicial de 24 de xullo de 2006.





No recurso obxecto deste informe o interesado solicita a nulidade das resolucións da alcaldía indicadas no parágrafo anterior e solicita a devolución dos importes embargados xa que considera que a sanción é inxusta e nula de pleno dereit.

Manifesta que non é o autor dos feitos, como así o acreditou, segundo o indica, nun escrito de data 29.11.2010, presentado no Concello.

Trala presentación dese escrito, ao que achegou un documento privado do cal non se acredita a súa autenticidade e non desvirtúa os feitos probados, emitiuse un informe o 02.11.2010, polo xefe do negociado de disciplina, no que sinalaba que tanto o expediente de restauración da legalidade como o sancionador foron notificados ao Sr. M. C. e que durante o procedemento presentou alegacións e mesmo un recurso de reposición que xa foron resoltos pola Alcaldía.

No trámite do expediente sancionador estimouse parcialmente o recurso de reposición interposto contra a resolución de 24 de xullo de 2006 e se rebaixou a sanción imposto de nove mil (9.000,00 €) a seis mil un euros (6.001,00 €), e que ao non interpoñerse recurso contencioso, a sanción era firme en vía administrativa.

SEGUNDO.- O recurso extraordinario de revisión preséntase ao abeiro do artigo 125.1a) b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, como sinala o recorrente no seu escrito de interposición.

Dito artigo establece que se poderá interpoñer o recurso extraordinario de revisión, fronte ao mesmo órgano que ditou o acto, que será tamén o competente para resolvelo, entre outros supostos, os alegados polo recorrente.

- O ditalos se incorrese nun erro de feito, que resulte dos propios documentos incorporados ao expediente.
- Que aparezan documentos de valor esencial para a resolución do asunto que, aínda que sexan posteriores, evidencien un erro da resolución recorrida.

O propio artigo 125.2), establece que, o recurso extraordinario de revisión, interpoñerase no prazo dos catro anos seguintes á data da notificación da resolución impugnada cando se encardine no suposto da letra a) e tres meses a contar desde o coñecemento dos documentos ou desde a sentenza xudicial que quedou firme.

O artigo 116 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas establece como causa de inadmisión dun recurso administrativo, entre outras:

'd)... ter transcorrido o prazo para a interposición do recurso.'

LEXISLACIÓN APLICABLE

— Os artigos 116, 125, 126 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e a disposición transitoria terceira desta.

— Os artigos 4.1.g), 22.2.j) e 110 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.





O órgano competente para a resolución do recurso poderá acordar motivadamente a inadmisión a trámite das solicitudes formuladas polos interesados, sen necesidade de solicitar ditame do Consello de Estado ou órgano consultivo da Comunidade Autónoma, cando este non se basee nalguna das causas de nulidade do artigo 125.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou carezan manifestamente de fundamento, así como, no caso de que se desestimaron en canto ao fondo outras solicitudes substancialmente iguais.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Inadmitir por extemporáneo o RECURSO EXTRAORDINARIO DE REVISIÓN, interposto por F. J. M. C., fronte as resolucións de data 30.05.2007 e 24.07.2006 do Concello de Cangas, polas que impuxo unha sanción urbanística por obras realizadas sen licenza consistente na aportación de terras a invadindo o canle do río Pontillón, ao ter transcorrido o prazo previsto para a interposición do recurso administrativo, de conformidade co establecido no artigo 116 e 125.2 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

SEGUNDO.- Confirmar a resolución de data 30 de maio de 2007 da Alcaldía, pola que se lle impoñía unha sanción de seis mil un euros (6.001,00 €), resultante da estimación do recurso de reposición formulado fronte á resolución de Alcaldía de data 24 de xullo de 2006.

TERCEIRO.- Dar traslado da presente resolución aos interesados para os efectos oportunos e ao ORAL, co réxime de recursos aplicables".

Expediente 256/2017. Proposta do concelleiro de Facenda, Urbanismo e Patrimonio para regularización do cemiterio de Darbo II

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de data 25.04.2019 do concelleiro de facenda, urbanismo e patrimonio, referente a regularización do cemiterio de Darbo II, que é como segue:

"PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE FACENDA, URBANISMO E PATRIMONIO S/REGULARIZACIÓN DO CEMITERIO DE DARBO II

Visto o Decreto 151/2014, de 20 de novembro, de sanidade mortuoria de Galicia, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 237, de cuxa disposición adicional primeira se establece o procedemento extraordinario para regularización de cemiterios municipais sen autorización sanitaria.

Vista a instancia presentada polo propietario da ampliación do Cemiterio de Darbo, F. P. B., en representación de 'CANTYCONS SL', en data 25 de abril de 2019, rexistro de entrada nº 5057, solicitando a tramitación do correspondente expediente para obter a autorización sanitaria.





Interesando ao Concello a regularización sanitaria do cemiterio de Darbo II.

Visto canto antecede, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

PRIMEIRO.- Tramitar o procedemento extraordinario para a regularización do cemiterio de Darbo II, sen autorización sanitaria, previsto no Decreto 151/2014, de 20 de novembro, de sanidade mortuoria de Galicia, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 237, de conformidade co previsto na súa disposición adicional primeira e a documentación elaborada polos servizos técnicos municipais.

SEGUNDO.- Someter o expediente a información pública por período de dez días hábiles, mediante anuncio publicado no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello.

TERCEIRO.- Remitir o expediente, unha vez rematada a instrución, á persoa titular da Xefatura Territorial da Consellería competente en materia de sanidade”.

Expediente 2233/2019. Concesión de servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a T.N.J.M.R.L.B., con DNI nº X e con expediente nº 36008/01/002065 –68850, o Servizo de axuda no fogar a través da quenda de dependencia e De acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- * Atencións de carácter persoal
- * Atencións de carácter psicosocial
- * Atencións de carácter doméstico

Custo total do servizo: 847,70 € (12,11 €/hora).

Achega económica da persoa usuaria: 134,14 €/mes.

Número de horas: 70 horas.

Data de efectos de alta no SAF: a partir do 1 de maio de 2019.

Expediente 2301/2019. Concesión de servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa





solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a J.P.H., con DNI nº X e con expediente nº 36008/02/002558 – 44700, o Servizo de axuda no fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- * Atencións de carácter persoal
- * Atencións de carácter psicosocial
- * Atencións de carácter doméstico

Custo total do servizo: 847,70 € (12,11 €/hora).

Achega económica da persoa usuaria: 134,14 €/mes (70 horas).

Número de horas: actualmente non dispoñemos da totalidade de horas que lle corresponden a través do sistema de dependencia. No momento que exista maior dispoñibilidade de horas de prestación do servizo, procederase a ampliálo na totalidade das 70 horas mensuais aprobadas no seu programa de atención individualizada.

Data de efectos de alta no SAF: a partir do 1 de maio de 2019.

Expediente 2445/2019. Concesión de servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a M.P.L., con DNI nº X e con expediente nº 36008/02/002127 – 65268, o Servizo de axuda no fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- * Atencións de carácter persoal
- * Atencións de carácter psicosocial
- * Atencións de carácter doméstico

Custo total do servizo: 847,70 € (12,11 €/hora).

Achega económica da persoa usuaria: pendente de resolución de aprobación de PIA para SAF.

Número de horas: 70 horas.

Data de efectos de alta no SAF: a partir do 1 de maio de 2019.





Expediente 2282/2019. Concesión de servizo de xantar na casa

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de resolución do director do Centro Municipal de Benestar Social, de data 24.04.2019, referente a concesión do servizo do programa de xantar na casa, que é como segue:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social elaborado pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, propónse a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE A H.G.F., con DNI nº X e con expediente nº 36008/02/002984, o programa de xantar na casa por reunir os requisitos establecidos para o acceso ao servizo referido, cun custo para o Concello (prezo do menú de 1,67 €/día).

Data prevista de alta no programa de xantar na casa: maio de 2019".

Expediente 1135/2019. Proposta para aprobación de convocatoria e bases do proceso selectivo para a contratación de director/directora e monitores/monitoras de tempo libre para o programa "Enredos de verán 2019"

Non hai acordo

Motivo: Ampliar documentación

Este punto foi retirado da orde do día por estar aprobado no apartado de urxencias da Xunta de Goberno Local de data 22.04.2019.

Expediente 2396/2019. Dación de conta de escrito de comunicación de xubilación de empregado municipal

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local queda informada da proposta da Alcaldía de data 22.04.2019, referente a comunicación de xubilación de empregado municipal, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO ESCRITO DE COMUNICACIÓN DE XUBILACIÓN DE EMPREGADO MUNICIPAL

Visto o escrito con rexistro de entrada nº 2052, de data do 22 de febreiro do 2019, presentado polo empregado municipal J. C. R. F., con DNI nº X, no que expón que o día 1 de maio de 2019 cumpre os requisitos para acceder á xubilación, de acordo coa entrada en vigor do Real decreto 1449/2018, o cal establece o coeficiente redutor en materia de xubilación dos policías locais e solicita a tramitación da documentación necesaria para proceder á xubilación.

Vista a documentación aportada polo traballador:





- Informativa de xubilación do Instituto da Seguridade Social que dá lugar ao coeficiente reductor do réxime especial dos policía locais ao servizo das entidades que integran a administración local -Real decreto 1449/2018.

Polo que propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Tomar coñecemento da documentación aportada polo empregado municipal, J. C. R. F..

Segundo.- Que polos servizos de persoal se proceda a tramitar a baixa por xubilación do funcionario, J. C. R. F., con DNI nº X e dar traslado a intervención, tesourería, para os efectos oportunos, así como, á Xunta de Persoal deste Concello".

Ratificación da inclusión na orde do día e declaración da urxencia: de conformidade co sinalado no art. 91.4 e 97.3 do Rd 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda declarar a urxencia e a ratificación da inclusión deste punto na orde do día.

Expediente 351/2019. C-19/03. Proposta de aprobación de expediente de contratación de servizos para o "Proxecto forestal en Varalonga" (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta de data 29.04.2019 da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local, referente a aprobación do expediente de contratación de servizos do "Proxecto de parque forestal en Varalonga" (C-19/03), que é como segue:

"Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de outubro de 2018, polo que se inicia o expediente de contratación para a adxudicación do contrato administrativo de servizos do 'Proxecto forestal en Varalonga', vencellado á subvención concedida en data 22 de xuño de 2018 de axudas para parques forestais.

Visto que a intervención municipal incorporou ao expediente documento contable de retención de crédito por importe de oitenta e sesis mil cincocentos setenta e sete euros con setenta céntimos (86.577,70 €), con cargo á aplicación orzamentaria 2019 / 0 / 171 / 609 / 01 (asentamento nº 000615).

Visto que o día 05.04.2019 se incluíron no expediente o prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), que rexerán esta licitación e que constan no expediente os preceptivos informes de secretaría (2019-006) e intervención (2019-0092).

Por todo o que antecede, en uso das atribucións que a lexislación vixente me confire,

PROPOÑO:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación de servizos 'Proxecto forestal en Varalonga', xunto co prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán o procedemento de





licitación e que constan no expediente.

Segundo.- Autorizar o gasto que para o Concello supón esta contratación con cargo á aplicación 2019 / 0 / 171 / 609 / 01 do vixente orzamento municipal.

Terceiro.- Abrir o procedemento de licitación mediante procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria, debendo publicar o correspondente anuncio de licitación no perfil do contratante.

Cuarto.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de apoio xurídico e intervención".

Ratificación da inclusión na orde do día e declaración da urxencia: de conformidade co sinalado no art. 91.4 e 97.3 do Rd 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda declarar a urxencia e a ratificación da inclusión deste punto na orde do día.

Expediente 1510/2018. Proposta de aprobación de conta xustificativa da axuda concedida para a prestación de servizos sociais do ano 2018 (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta da Alcaldía do día 29.04.2019, referente a aprobación de conta xustificativa da axuda concedida ao Concello de Cangas para os servizos sociais comunitarios para o ano 2018, que é como segue:

"APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA AXUDA CONCEDIDA AO CONCELLO DE CANGAS AOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS PARA O ANO 2018

Con relación ao financiamento concedido pola Consellería de Política Social para o proxecto anual do 2018 de servizos sociais comunitarios, que é como segue:

* Persoal de servizos sociais: 141.348,00 €

* Axuda no fogar (P. básica): 1.958,53 €

* Axuda no fogar (dependencia): 365.620,64 €

Vista a documentación que consta no expediente referente aos gastos imputados a dito proxecto e que están contabilizados dando cumprimento á finalidade do financiamento e da subvención concedida.

Visto o informe da Intervención Municipal, propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da axuda concedida para a prestación dos servizos sociais do ano 2018, polo importe de un millón douscentos seis mil catrocentos noventa e seis euros con sesenta e dous céntimos (1.206.496,62 €), segundo o seguinte desglose:

- PERSOAL 422.138,16 €
- AXUDA NO FOGAR (prestación básica) 31.349,13 €





Concello de Cangas

· AXUDA NO FOGAR (dependencia)	534.342,23 €
· XESTIÓN DE PROGRAMAS	219.667,10 €

Segundo.- Facer constar que se cumpriu coa finalidade da axuda concedida e que de todos os gastos que se xustifican se tomou razón na contabilidade".

Ratificación da inclusión na orde do día e declaración da urxencia: de conformidade co sinalado no art. 91.4 e 97.3 do Rd 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda declarar a urxencia e a ratificación da inclusión deste punto na orde do día.

Expediente 2479/2019. Proposta de solicitude de subvención á Consellería de Política Social para o cofinanciamento da prestación de servizos sociais para o exercicio 2019 (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta de data 29.04.2019 do concelleiro de servizos sociais, sanidade e igualdade, referente a solicitude de subvención á Consellería de Política Social para o cofinanciamento dos servizos sociais para o exercicio 2019, que é como segue:

"O Diario Oficial de Galicia nº 63 de data do 30 de marzo de 2012, publica o Decreto 99/2012, de 16 de marzo, da Consellería de Traballo e Benestar, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, polo que se propón á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Solicitar á Consellería de Política Social, a transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal correspondente ao ano 2019, regulada no Decreto 99/2012, de 16 de marzo, da Consellería de Traballo e Benestar, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Que o importe total do financiamento solicitado é de novecentos vinte mil douscentos cincuenta euros con vinte céntimos (920.250,20 €), co seguinte detalle

- Persoal: 159.533,00 €
- Mantemento: 600,00 €
- Axuda no fogar (modalidade de prestación básica plan concertado): 13.500,00 €
- Axuda no fogar (modalidade persoas valoradas como dependentes): 625.417,20 €
- Xestión de programas: 121.200,00 €
- Investimento: 0,00 €

A aportación do Concello de Cangas será de cincocentos sesenta e catro mil oitocentos corenta e tres euros con catorce céntimos (564.843,14 €), o que supón unha porcentaxe do 37,93% sobre o orzamento total do proxecto.

Segundo.- Facer constar que o Concello de Cangas, para o exercicio 2019, ten consignada partida orzamentaria suficiente para o mantemento e desenvolvemento dos servizos sociais de atención primaria.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850





Terceiro.- Declarar que para programas específicos de atención a menores en situación de risco, ten concedida para o ano 2019, unha axuda da Consellería de Política Social por importe de catro mil douscentos sesenta e cinco euros con corenta e cinco céntimos (4.265,45 €).

Cuarto.- Declarar de que os servizos sociais comunitarios municipais seguen a prestarse, nas mesmas condicións que no ano anterior.

Quinto.- Dar conta deste acordo no primeiro Pleno da corporación municipal que se realice.

Sexto.- Remitir o presente acordo á Consellería de Política Social, xunto coa documentación que menciona a orde da convocatoria".

Ratificación da inclusión na orde do día e declaración da urxencia: de conformidade co sinalado no art. 91.4 e 97.3 do Rd 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda declarar a urxencia e a ratificación da inclusión deste punto na orde do día.

Expediente 2241/2018.C-18/08. Informe-proposta da coordinadora da obra "Nova capa de rodadura en vieiros municipais", para aprobación do plan de seguridade e saúde (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta de data 15.04.2019 da coordinadora de seguridade e saúde da obra de "NOVA CAPA DE RODADURA EN VIAIS MUNICIPAIS 2018", referente ao plan de seguridade e saúde da referida obra, que é como segue:

"INFORME DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE

ADXUDICATARIO:NEXIAINFRAESTRUCTURASSLU.

ASUNTO:INFORMEPLANDESEGURIDADEEESAÚDE

C. G. C., Coordinadora de seguridade e saúde durante a execución da obra do epígrafe.

INFORMA:

1) A empresa: 'NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU', adxudicataria das obras do epígrafe, presenta o plan de seguridade e saúde, en cumprimento do establecido no artigo 7 do Rd 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción (BOE do 25.10.1997).

2) O mencionado plan axústase ao estipulado na lexislación vixente e polo tanto a técnica que o subscribe, o informa FAVORABLEMENTE e propón a súa aprobación".

Ratificación da inclusión na orde do día e declaración da urxencia: de conformidade co sinalado no art. 91.4 e 97.3 do Rd 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda declarar a urxencia e a ratificación da inclusión deste punto na orde





do día.

Expediente 1583/2019. Proposta da alcaldía para aprobación de convocatoria e bases do proceso selectivo de 25 socorristas e 3 patróns para o "Servizo de salvamento en praias do Concello de Cangas na tempada de 2019" (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da alcaldía de data 28.04.2019, referente a convocatoria e bases do proceso selectivo de 25 socorristas e 3 patróns para o servizo de salvamento en praias do Concello de Cangas na tempada de baño 2019, que é como segue:

"PROPOSTA DE CONVOCATORIA E BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DE 25 SOCORRISTAS E 3 PATRÓNS PARA O SERVIZO DE SALVAMENTO EN PRAIAS DO CONCELLO DE CANGAS NA TEMPADA DE BAÑO 2019

Vista a proposta da concelleira de turismo e medio ambiente de data 21.02.2019, pola que solicitaba que se iniciase a tramitación do expediente administrativo para a contratación de 25 socorristas e 3 patróns durante a tempada de baño 2019.

Visto o estado de tramitación do expediente, en particular o borrador de bases elaborado e remitido a representación sindical, así como, os informes emitidos pola intervención municipal e secretaría de data 25.04.2019. Respecto a estes cómpre significar, como sinala a concelleira de área na súa proposta inicial que: 'A contratación que se propón é un caso excepcional, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables e nun eido esencial como é o da salubridade pública, contido no artigo 25.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, salubridade que se vería comprometida nas praias deste Concello, pola importante afluencia de bañistas que se reciben durante a tempada estival o que obriga a que cando menos as praias que reciben máis usuarios estean dotadas de persoal de limpeza que poidan dar resposta ás necesidades derivadas desa importante ocupación. Trátase dun suposto de contratación excepcional pois Cangas non conta con medios destinados con carácter xeral á cobertura deste servizo dun xeito permanente e a contratación que se pretende só cubriría o servizo durante a tempada de verán coincidindo coa tempada de baño'. Motivo polo que procede aprobar a convocatoria e as bases dirixidas á selección do persoal que figura na proposta, levantando o reparo suspensivo formulado por intervención en virtude deste carácter esencial.

Debe tomarse en consideración ademais que as funcións a desenvolver non son funcionariais, motivo polo que se efectúan en principio mediante contratación laboral. Establecido o anterior hai que significar tamén que das modalidades contractuais previstas legalmente, as máis acaídas das existentes son as escollidas para o presente proceso selectivo, contrato de duración determinada de interese social para os aspirantes seleccionados ao abeiro da subvención e na modalidade de obra ou servizo para o servizo de salvamento en praias do Concello de Cangas 2019 para as prazas restantes. Contrariamente ao exposto no informe de intervención respecto a esta última modalidade, se trata efectivamente da prestación dun servizo determinado, con autonomía e substantivade propia dentro da actividade propia do Concello e respecto á duración, se ben esta se limita no tempo, cómpre salientar que as bases





nin siquera se atreven a efectuar unha determinación taxativa, pois expresamente sinalan unha 'duración prevista inicialmente de 3 meses' , e, como xa ten sucedido, en función das circunstancias meteorolóxicas, a tempada de baño podería estenderse máis alá e prolongar a relación do persoal preciso ata o remate do servizo.

Por outra banda non debe esquecerse que respecto á redución dos prazos ao que se refire o secretario, cómpre sinalar que os requisitos aos que fai referencia como os relativos ao incumprimento de prazos esenciais só están predeterminados normativamente respecto a selección de funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo, pero non para os supostos de convocatorias para seleccionar funcionarios interinos e persoal laboral temporal. Débese recordar a necesidade de observar na selección deste tipo de persoal procedementos áxiles que respectarán en todo caso, os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e libre concorrencia. De seguir os requisitos formais sinalados para a ocupación das prazas en propiedade seguindo o patrón dos procesos selectivos dos funcionarios de carreira estritamente se estaría a desvirtuar a axilidade mencionada, mentres que pola contra os prazos propostos non eliminan os dereitos dos aspirantes.

Visto que a competencia para aprobar as bases de selección de persoal corresponde á Xunta de Goberno Local en función da delegación realizada por acordo do Concello Pleno de data 02.07.2015.

En consideración ao anteriormente exposto traslado á Xunta de Goberno Local para a súa aprobación a seguinte:

PROPOSTA

PRIMEIRO.- Levantar o reparo suspensivo formulado pola intervención municipal no seu informe de data 25.04.2019.

SEGUNDO.- Aprobar as bases para a selección e posterior contratación de 25 socorristas e 3 patróns precisos para o servizo de salvamento en praias do Concello de Cangas na tempada de 2019. Tendo en conta a autorización para a contratación anticipada de data 04.02.2019, recaída na tramitación polo Concello da subvención da Consellería de Economía, Emprego e Industria, que se regula na Orde do 12 de decembro de 2018, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2019, 15 socorristas serán seleccionados con base a esta e os 10 socorristas restantes e os 3 patróns ata cubrir as necesidades do servizo con base a fondos propios do Concello, bases que literalmente din:

'BASES PARA A SELECCIÓN DE 25 SOCORRISTAS E 3 PATRÓNS PARA O SERVIZO DE SALVAMENTO NAS PRAIAS DE 2019 (15 SOCORRISTAS AO ABEIRO DA AUTORIZACIÓN PARA A CONTRATACIÓN ANTICIPADA DE DATA 04.02.2019, RECAÍDA NA TRAMITACIÓN DA SUBVENCIÓN DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA QUE SE REGULA NA ORDE DO 12 DE DECEMBRO DE 2018, POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES QUE REGULAN AS AXUDAS E SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO E MELLORA DA EMPREGABILIDADE NO ÁMBITO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS E SE PROCEDE A SÚA CONVOCATORIA PARA O EXERCICIO DO ANO 2019, E 10 SOCORRISTAS E 3 PATRÓNS CON CARGO A FONDOS PROPIOS DO





CONCELLO, CON PREVISIÓN DE CONFECIÓN DUN LISTADO DE AGARDA

PRIMEIRA.- OBXECTO, RÉXIME DE CONTRATACIÓN, SISTEMA DE SELECCIÓN E PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA

O obxecto das presentes bases é a selección e posterior contratación de 25 socorristas e 3 patróns precisos para o servizo de salvamento en praias do Concello de Cangas na tempada de 2019. Tendo en conta a autorización para a contratación anticipada de data 04.02.2019, recaída na tramitación polo Concello da subvención da Consellería de Economía, Emprego e Industria que se regula na Orde do 12 de decembro de 2018, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2019, 15 socorristas serán seleccionados con base a esta e os 10 socorristas restantes e os 3 patróns ata cubrir as necesidades do servizo con base a fondos propios do Concello.

A contratación será de carácter laboral e temporal, na modalidade de contrato de duración determinada de interese social para os aspirantes seleccionados, ao abeiro da subvención e na modalidade de obra ou servizo para o servizo de salvamento en praias do Concello de Cangas 2019 para as prazas restantes, cunha duración prevista inicialmente de 3 meses a contar desde a data da sinatura do contrato, se ben esta duración inicial poderá ser reducida para o caso de que a posta en marcha do servizo se inicie máis tarde do 15 de xuño, en réxime de xornada completa, cun salario bruto mensual segundo a valoración incorporada ao expediente de mil douscentos dezanove euros con oitenta e dous céntimos (1.219,82 €), para os patróns, e de mil cento trinta e sete euros con corenta e nove céntimos (1.137,49 €) para os socorristas.

O persoal seleccionado para as prazas de patrón e socorrista estará destinado ao servizo de salvamento en praias do Concello de Cangas, tendo en conta que entre as súas funcións asume a obriga de efectuar as tarefas de coordinación, enlace e fornecemento de material do servizo de salvamento de praias que lle sexan encomendadas por parte da concellería responsable da área de turismo.

A contratación do persoal seleccionado con base na autorización de contratación anticipada de data 04.02.2019, emitida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, na tramitación da concesión da subvención mencionada está ligada ao outorgamento efectivo desta. Por este motivo os tres meses indicados anteriormente poderán ser reducidos en función do tempo establecido na resolución definitiva pola que se outorgue a subvención tendo en conta que as retribucións poderán axustarse tamén ao estipulado nesta.

Os aspirantes seleccionados e os aspirantes que tendo superado o proceso selectivo e pola nota final non acadasen praza, integrarán un listado que poderá servir para cubrir as necesidades de contratación de socorristas e patróns para o Concello de Cangas durante o ano 2019 e as baixas ou renuncias que se puideran producir entre o persoal que si resultase seleccionado.

As contratacións que se efectúen con base nas listas realizaranse en función da puntuación obtida no proceso selectivo coa excepción das contratacións que se teñan que efectuar en base a unha oferta previa ao servizo público de emprego, para as que será condición necesaria ademais figurar na preselección que se realice por aquel.

O sistema de selección será o de oposición.





As presentes bases estarán expostas ao público no taboleiro de anuncios do Concello ata o día da realización do exercicio co fin de posibilitar a presentación de reclamacións ou suxestións as bases, así como na páxina web do Concello de Cangas (www.cangas.gal). Igualmente publicarase un anuncio da convocatoria no BOP de Pontevedra.

O taboleiro de anuncios da Casa do Concello será igualmente, o medio para dar publicidade a todas as notificacións dos actos que deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.

SEGUNDA.- REQUISITOS DOS/DAS ASPIRANTES

Para ser admitido/admitida á realización das probas selectivas os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser cidadán/cidadá español/española ou atoparse dentro do ámbito previsto no artigo 57 do Real decreto legislativo 5/2015.
- b) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.
- c) Posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das tarefas que se van realizar.
- d) Estar en posesión do título de graduado escolar ou equivalente.
- e) Estar en posesión do título de patrón de navegación básica PNB ou superior, (para as prazas de patrón), cumprir co disposto no Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro profesional de socorristas acuáticos de Galicia, na redación resultante da entrada en vigor do Decreto 35/2017, de 30 de marzo, polo que se modifica o anterior, estando en posesión do carné de socorrista en espazos acuáticos naturais emitido de acordo co citado decreto (para as prazas de socorrista).
- f) Non ter sido apartado mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás comunidades autónomas ou ás entidades locais, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- g) Non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade.
- h) Estar incluído/incluída nos listados remitidos pola Oficina de Emprego de Cangas (preselección), para optar as 15 prazas obxecto de contratación na modalidade de contrato de duración determinada de interese social.
- i) Ter satisfeito a taxa por dereitos de exame nos termos establecidos na base cuarta.

TERCEIRA.- SOLICITUDES E PRAZO DE ADMISIÓN DESTAS

Os que desexen tomar parte nas probas selectivas deberán facelo constar no modelo de instancia anexo ás presentes bases dirixida ao Alcalde -Presidente do Concello de Cangas, que deberá ser entregada no Rexistro Xeral, no prazo de dez días hábiles a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOP.

Este modelo de instancia inclúe o modelo de declaración polo que se fai constar expresamente





o cumprimento dos requisitos establecidos na base segunda, sen prexuízo de que ao final do proceso selectivo se deba acreditar documentalmente ese cumprimento. Malia isto, deberá procederse a esta acreditación en calquera momento anterior se así o esixe o Negociado de Persoal do Concello ou o tribunal de selección.

As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de correos antes de seren certificadas. Caso de que a instancia non se presente directamente no rexistro xeral do concello o/a aspirante deberá dirixir por fax, ao 986 304850, ou ao enderezo electrónico: xuridico@cangas.gal, unha copia da instancia con anterioridade ao remate do prazo na que figure a data de presentación no rexistro correspondente, aos efectos de que poida ser incluída na relación de admitidos/admitidas.

Os/as interesados/interesadas presentarán as súas solicitudes sinalando a praza a que aspiran achegadas da seguinte documentación:

- O modelo de instancia que acompaña ás presentes bases debidamente cuberto e asinado.
- Fotocopia simple por ámbalas dúas caras do DNI.
- Fotocopia da titulación académica e específica requirida nas presentes bases.
- Resgado acreditativo de ter satisfeito as taxas (agás no suposto dos aspirantes as prazas de socorristas remitidos polo Servizo Público de Emprego).

Para as prazas obxecto da autorización para a contratación anticipada de data 04.02.2019 antes citada, o Concello de Cangas solicitará aos traballadores e traballadoras desempregados/desempregadas acordes ao perfil a seleccionar mediante presentación de oferta de emprego na Oficina de emprego de Cangas.

Esta oficina realizará as sondaxes de demandantes aos que se lles comunicará a existencia desta oferta de emprego para que poidan concorrer a esta.

O Concello de Cangas resérvase o dereito a solicitar sondaxes complementarias á oficina de emprego no caso de que non se acade un ratio mínimo de dous candidatos interesados por posto a seleccionar.

Os erros de feito que poidan advertirse poderán subsanarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte.

O Concello poderá requirir en calquera momento a comprobación de estar en posesión dos requisitos da convocatoria establecidos na base anterior e excluír do proceso a calquera aspirante que non reúna ditos requisitos.

CUARTA.- DEREITOS DE EXAME

Será requisito necesario para poder participar na proba selectiva o aboamento dos dereitos de exame dentro do período previsto para a presentación de instancias. Segundo o establecido na ordenanza fiscal municipal correspondente, a cantidade a aboar son oito euros con cincuenta e dous céntimos (8,52 €) (deberá facerse previa obtención da correspondente folla de liquidación na tesourería do Concello).





Os aspirantes remitidos polo Servizo Público de Emprego non aboarán a taxa.

QUINTA.– ADMISIÓN DOS ASPIRANTES

Finalizado o prazo de presentación de instancias, a presidencia da corporación aprobará a lista provisional de admitidos/admitidas e excluídos/excluídas, especificando, no seu caso, os motivos da exclusión, o que será exposto no taboleiro de anuncios deste Concello. Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de 3 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación para poder emendar, no seu caso o defecto que motivase a exclusión. No suposto de producirse reclamacións, ditarase nova resolución estimándoas ou desestimándoas o que se fará público, igualmente no taboleiro de anuncios do Concello no prazo de 2 días hábiles do remate do prazo anterior. O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lle recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no proceso selectivo convocado, os cales deberán ser xustificados documentalmente no suposto de que os aspirantes admitidos superen a proba selectiva.

SEXTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal que xulgará as probas terá por obxecto garantir e supervisar o correcto desenvolvemento do proceso en todas as súas fases. Estará composto por cinco membros. Non poderá constituírse sen a asistencia como mínimo de tres dos seus membros titulares ou suplentes. Os membros titulares e suplentes terán igual ou maior titulación ca esixida aos aspirantes á praza convocada e terán voz e voto.

A composición efectiva do tribunal se fixará na resolución pola que se publique o listado provisional de admitidos e excluídos e a data de exame.

Os/as membros do tribunal deberán absterse de intervir, comunicándolle á Alcaldía cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Así mesmo, os aspirantes, poderán recusar os membros do tribunal cando nestes concorran algunha das circunstancias previstas para iso, de conformidade co establecido no art. 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

O tribunal poderá contar coa colaboración dos asesores externos que considere oportunos, que actuarán con voz e sen voto, limitándose a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

O tribunal constituírse con antelación suficiente ao inicio da primeira proba da oposición que se establece nas presentes bases.

SÉTIMA.– SISTEMA DE SELECCIÓN, FORMA DE DESENVOLVEMENTO E SISTEMA DE CUALIFICACIÓN

Os aspirantes no día, hora e lugar para o que fosen citados na resolución pola que se aprobe o listado provisional de admitidos e excluídos serán convocados para a realización da proba práctica da fase de oposición, sendo os sucesivos exercicios fixados mediante acordo do tribunal de selección. Acordo que se publicará na páxina web do Concello e no taboleiro municipal indicando o día, hora e lugar que tivese acordado. As probas da fase de oposición serán as seguintes:





PROBA PRÁCTICA

Os aspirantes serán convocados no día, hora e lugar que acorde o tribunal e que se publicará no taboleiro e na páxina web do Concello para a realización dunha proba práctica, de carácter eliminatorio, previo chamamento único. As probas a realizar serán:

PARA AS PRAZAS DE PATRÓN:

Versará sobre o manexo da embarcación, manobras de atraque e desatraque, entrada e saída en praia e en porto, nas condicións esixidas polo tribunal. A puntuación máxima na proba práctica será de 90 puntos sendo necesario obter como mínimo 45 puntos para non quedar eliminado.

PARA AS PRAZAS DE SOCORRISTA:

Consistirá en correr 200 metros, entrar no mar e nadar unha distancia que será establecida polo tribunal ao inicio da proba en función das circunstancias meteorolóxicas para recoller un moneco de rescate acuático, remolcalo coa técnica adecuada ata a orilla e sacalo da auga ata o punto sinalado polo tribunal. A proba terá unha puntuación máxima de 90 puntos resultando preciso lograr 45 puntos para non quedar eliminado.

O tribunal antes do comezo da proba estipulará os tempos requiridos, tempo máximo para a execución da proba. A puntuación dependerá do tempo máximo establecido en función das circunstancias meteorolóxicas aplicando as puntuacións proporcionalmente aos tempos obtidos tomando como referencia a do aspirante que obtivera o mellor tempo.

A realización da proba comezará por aqueles aspirantes que teñen como inicial do primeiro apelido a letra escollida conforme ao sorteo realizado previamente polo tribunal diante dos aspirantes.

O tribunal modificará a posición dos monecos de rescate acuático situados na auga en función da duración da proba e da marea existente.

PROBA DE COÑECEMENTO DA LÍNGUA GALEGA

De carácter obrigatorio e non eliminatorio e común para ambas categorías (socorristas e patróns). Consistirá na tradución dunha serie de 20 palabras propostas polo tribunal do galego ao castelán ou do castelán ao galego nun tempo máximo de 20 minutos. A proba valorarase de 0 a 10 puntos.

Quedarán exentos da realización deste exercicio os aspirantes que acrediten estar en posesión do certificado en lingua galega – nivel 2 (CELGA 2) ou superior, ou a súa validación, ou a certificación do curso de lingua galega de Iniciación. Os aspirantes que acheguen dito certificado se puntuarán con 10 puntos. O certificado deberá ser presentado ao tribunal con antelación á realización da proba.

OITAVA.- DESIGNACIÓN DAS PERSOAS APROBADAS

Rematado o proceso de selección o tribunal determinará a cualificación final do proceso que será o resultado de sumar as puntuacións das dúas probas da oposición. No suposto de empate





na cualificación final de dous ou máis aspirantes, este resolverase polo tribunal en primeiro lugar atendendo a puntuación na proba práctica, de persistir este facendo unha serie de preguntas adicionais entre os aspirantes empatados en materia de socorrismo e coñecementos sobre o Concello e a ordenanza de praias vixente, de persistir o empate este desfarase por sorteo.

A continuación, o tribunal fará público o resultado do proceso e elevará ao órgano de contratación a correspondente proposta de contratación que incluíra os 25 aspirantes propostos para ser contratados como socorristas para o ano 2019, dos cales 15 serán os aspirantes con mellor resultado de entre os preseleccionados polo Servizo Público de Emprego, para os que se formalizarán contratos na modalidade de contrato de duración determinada de interese social e os 10 socorristas restantes seleccionados, serán os que obtiveran mellores resultados con independencia de que figuren ou non en tal preselección e que serán contratados con cargo a fondos propios do Concello. Do mesmo xeito designará aos 3 aspirantes propostos para ser contratados como patróns para o ano 2019

As persoas propostas serán contratadas sempre que estean en disposición de ser contratadas e que cumpran con todos os requisitos e obrigas establecidos nas presentes bases e na normativa de aplicación.

De chegar ao remate do proceso selectivo e non obter a cobertura das 15 prazas ofertadas a través do Servizo Público de Emprego o Concello de Cangas, poderá dispoñer mediante resolución da Alcaldía realizar novas ofertas sucesivas ao servizo público de emprego para a realización de novos procesos de selección que se rexerán polas presentes bases.

NOVENA.- LISTA DE AGARDA

O tribunal incluíra na súa proposta dous listados de agarda, un de socorristas e outro de patróns, que estarán constituído por todos os aspirantes que superasen o proceso selectivo con independencia de que obtivesen ou non unha das 25 prazas de socorristas e 3 de patróns ordenados exclusivamente polo resultado do proceso selectivo.

Estes listados servirán para a cobertura de necesidades de contratación de socorristas e patróns durante o ano 2019, ben as que poidan derivarse das renuncias das persoas seleccionadas, ben por novas necesidades de contratación.

As contratacións que se efectúen en base a tal listado deberán facerse mediante a adopción dunha resolución de Alcaldía na que se fundamentará a necesidade de acudir a ela e que contará cos informes preceptivos previos.

A renuncia inustificada ao contrato suporá a exclusión do listado. A renuncia por causa xustificada deberá acreditarse documentalmente e suporá que se pasará ao seguinte aspirante do listado sen exclusión daquel e sen modificar a súa orde. A imposibilidade de contactar co interesado suporá que se pasará ao seguinte aspirante do listado, se esta imposibilidade se repetise en dúas ocasións igualmente suporá a exclusión da lista. O chamamento efectuarase seguindo a orde do listado aprobado de tal xeito que non se pasará a seguinte persoa do listado en tanto a anterior estea en disposición de traballar. Este chamamento efectuarase telefonicamente, facendo ata dúas tentativas, no teléfono que proporcionarán para tal efecto na súa instancia os aspirantes seleccionados, o teléfono citado poderá ser modificado posteriormente comunicándoo ao negociado de persoal. De resultar infrutuosas ambas chamadas pasarase a contactar coa seguinte persoa da lista, coas consecuencias establecidas





no parágrafo anterior.

As baixas do persoal subvencionado cubriranse seguindo a lista de agarda aprobada entre aspirantes remitidos pola oficina de emprego que reúnan os requisitos das presentes bases e da subvención.

As persoas integrantes da lista deberán presentar a documentación requirida polo negociado de persoal para a súa contratación considerando renuncia inxustificada a non presentación da citada documentación no prazo que se lle indique.

Sen prexuízo da titulación e requisitos requiridos para acceder ao presente proceso selectivo as persoas que integran os listados deberán manter en vigor e no seu caso actualizar de acordo coa normativa vixente en cada momento os títulos, tarxetas profesionais e requisitos precisos para poder ser contratados en cadansúa categoría.

DÉCIMA.– INTERPRETACIÓN DAS BASES

As presentes bases vinculan á administración local convocante, ao tribunal cualificador e os/as aspirantes que participen no proceso.

O tribunal cualificador queda facultado durante o desenvolvemento do proceso de selección para resolver as dúbidas e incidencias a que dea lugar a súa aplicación, podendo adoptar resolucións, criterios e medidas con aqueles aspectos non regulados na presente convocatoria.

DÉCIMO PRIMEIRA.– NORMA FINAL

As presentes bases e cantos actos administrativos deriven destas e das actualizacións do tribunal de selección, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas e polo disposto nas presentes bases.

Así mesmo a administración municipal poderá, no seu caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais conforme ao previsto na devandita Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

ANEXO

INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO PARA CUBRIR AS PRAZAS DE PATRÓNS E SOCORRISTAS, ANO 2019.

PRAZA (risque o que proceda):

PATRÓN (...)
SOCORRISTA(...)

APELIDOS, NOME:

TELÉFONO:

DNI:





ENDEREZO:

ENDEREZO ELECTRÓNICO:

Solicita ser incluído na relación de aspirantes admitidos no proceso selectivo de patróns e socorristas para o ano 2019 convocado polo Concello de Cangas.

Por medio do presente declara que non se atopa incurso/incursa en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente e que cumpre todos os requisitos esixidos na convocatoria (en particular os expostos na base segunda) e que non foi separado/separada mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

Cangas, de de 2019.

Asdo. :

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR XUNTO Á PRESENTE SOLICITUDE:

- o A presente instancia, debidamente cuberta e asinada.
- o Fotocopia do DNI.
- o Fotocopia da titulación esixida (académica e específica).
- o Xustificante acreditativo do pago das taxas.
- o No seu caso, documentación acreditativa do coñecemento da lingua galega'.

TERCEIRO.- Convocar o proceso selectivo mencionado e ordenar que se sigan todos os trámites ata que se proceda ás contratacións e aprobación de listado previsto nas bases.

CUARTO.- Que se proceda a publicación das bases de acordo co disposto nestas".

Ratificación da inclusión na orde do día e declaración da urxencia: de conformidade co sinalado no art. 91.4 e 97.3 do Rd 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda declarar a urxencia e a ratificación da inclusión deste punto na orde do día.

Expediente 1407/2019. Rectificación de acordo da Xunta de Goberno Local de data 18.03.2019 de autorización de sinal de pasaxe permanente (Urxencia)

Favorable

Tipodevotación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local de conformidade co informe emitido ao respecto pola policía local en data 13.03.2019, acorda:

Primeiro.- Proceder á rectificación de acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 18.03.2019, consistente en denegación de autorización municipal para a instalación de sinal de pasaxe permanente en rúa Noria, nº X, demandada por C. S. N.





Segundo.- Polo que, se adopta novo acordo rectificado e favorable, de autorización municipal para a instalación de sinal de pasaxe permanente para a entrada de garaxe do edificio en rúa Noria, nº X-Cangas, especificando, así mesmo, que o referido sinal se instalará en rúa Noria, nº X, para que non quede obstaculizada a entrada e non se impida o paso de vehículos ao garaxe do referido edificio sito na parte traseira deste.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Expediente 5013/2018. Dación de conta de sinatura de convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Cangas, para cesión ou comunicación de datos de carácter persoal necesarios para a realización de determinadas tarefas propias de persoal dos equipos asistenciais das unidades asistenciais de drogodependencias e unidades de día de drogodependencias

A Xunta de Goberno Local queda informada da sinatura en data 20 de marzo de 2019, de acordo de colaboración entre a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Cangas, sobre a cesión ou comunicación de datos de carácter persoal necesarios para a realización de determinadas tarefas propias do persoal dos equipos asistenciais das unidades asistenciais de drogodependencias e unidades de día de drogodependencias, que é como segue:

"Acordo de colaboración entre a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Cangas, sobre a cesión ou comunicación de datos de carácter persoal necesarios para a realización de determinadas tarefas propias do persoal dos equipos asistenciais das unidades asistenciais de drogodependencias e unidades de día de drogodependencias

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2019

Reunidos

Don Jesús Vázquez Almuíña, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1998, de 20 de outubro, e de conformidade cos decretos 41/2013 e 43/2013, do 21 de febreiro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente (modificados por Decreto 111/2013, de 4 de xullo).

Don Xosé Manuel Pazos Varela, alcalde do Concello de Cangas, en virtude das atribucións de representación outorgadas polo artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local,

Antecedentes

Primeiro.- A Consellería de Sanidade ten entre os seus obxectivos fundamentais participar na definición das prioridades da atención sanitaria baseándose nas necesidades de saúde da





poboación e dar efectividade ao catálogo de prestacións e servizos que se poñen ao servizo da poboación coa finalidade de protexer a súa saúde.

De conformidade co artigo 92 da Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia, para o axeitado desenvolvemento das competencias que no eido sanitario corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia, configúrase o Servizo Galego de Saúde, creado pola Lei 1/1989, de 2 de xaneiro, como un organismo autónomo de natureza administrativa, dotado de personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins. O Servizo Galego de Saúde está adscrito á Consellería de Sanidade, que exercerá sobre el as facultades de dirección, vixilancia e tutela e, en particular, o exercicio das potestades regulamentarias e de organización.

Segundo.- Dentro do Servizo Galego de Saúde, a Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial é a unidade administrativa a que se refire o artigo 3 do Decreto 389/1994, de 15 de decembro, polo que se regula a saúde mental en Galicia, encargada de xestionar os plans e programas de saúde mental da Comunidade Autónoma e coordinar os dispositivos dedicados á saúde mental.

Así mesmo, a dita subdirección, segundo o Decreto 43/2013, de 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, asumiu as funcións asistenciais que se lle asignaban ao Comisionado do Plan de Galicia sobre Drogas no Decreto 254/1997, do 10 de setembro, polo que se procede á creación do Comisionado do Plan de Galicia sobre Drogas.

Terceiro.- De conformidade co artigo 16.1 da Lei 2/1996, do 8 de maio, de Galicia sobre drogas, os poderes públicos da Comunidade Autónoma Galega garantirán, en iguais condicións ca ó resto da poboación, o proceso de atención ao drogodependente nos servizos sanitarios e sociais, respectando os dereitos e as obrigas que establece a normativa básica e autonómica nesta materia. Neste mesmo sentido, no artigo 18.1), dise que as administracións públicas de Galicia velarán polo desenvolvemento das actividades asistenciais precisas para o tratamento dos diversos problemas derivados do consumo de drogas, a desintoxicación, a deshabitación-rehabilitación e a atención ás complicacións orgánicas, psíquicas e sociais e ás urxencias derivadas do uso das drogas.

Cuarto.- Segundo o artigo único da Orde de 12 de marzo de 2007, pola que se regula a integración funcional dos centros de alcoholismo e de atención ás drogodependencias non alcohólicas no Servizo Galego de Saúde, os centros de alcoholismo e de atención ás drogodependencias non alcohólicas que reciban financiamento da Comunidade Autónoma dependerán funcionalmente, en canto ao desenvolvemento de programas de intervención, do responsable de saúde mental de área.

Quinto.- A Consellería de Sanidade, mediante a Orde de 7 de xullo de 1988, sobre autorización de unidades, centros, servizos e establecementos sanitarios-asistenciais de tratamento de drogodependencias, estableceu as condicións e requisitos mínimos que estes centros ou servizos deben cumprir para poder ser autorizados como centros ou servizos sanitario-asistenciais de tratamento das drogodependencias. Dentro da tipoloxía básica contemplada nesta orde, as unidades asistenciais de drogodependencias son as que exercen un papel principal e vertebrador de toda a estrutura asistencial.

Nesta orde establécese que as unidades asistenciais de drogodependencias deben de estar





dotadas do seguinte persoal, con garantía de servizo durante o horario de funcionamento: un médico-psiquiatra ou, no seu defecto, un médico, un psicólogo e un asistente ou traballador social.

Sexto.- O Concello de Cangas dispón dunha unidade asistencial de drogodependencias autorizada como centros sanitarios-asistenciais, con base na Orde de 7 de xullo de 1988, sobre autorización de unidades, centros, servizos e establecementos sanitarios-asistenciais de tratamento de drogodependencias.

A dita unidade sanitario asistencial desenvolve programas de asistencia a persoas con trastornos aditivos respectando os principios de universalidade, anonimato, voluntariedade, equidade e gratuidade.

Dita atención comprende, entre outras, as funcións de prescrición e procedementos diagnósticos e terapéuticos, rehabilitación en pacientes con déficit funcional recuperable, a educación para a saúde no seu ámbito de actuación e a realización das prestacións sociosanitarias que correspondan con este nivel de asistencia en coordinación co sistema de servizos sociais.

Sétimo.- Para desenvolver mais eficazmente a súa xestión, a Consellería de Sanidade pode formalizar acordos, convenios ou outras fórmulas de xestión integrada ou compartida con outras entidades —públicas o privadas— encamiñados a lograr a coordinación óptima para aproveitar mellor os recursos sanitarios dispoñibles.

Oitavo.- O tratamento e as comunicacións de datos de carácter persoal que se leven a cabo deberán respectar as previsións contidas no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación deses datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (en adiante, RXPD).

Neste sentido, o artigo 6.4 do citado regulamento entende que o tratamento de datos persoais consistente na cesión destes dunha administración a outra, será lícito se os devanditos datos se utilizan para un fin que non sexa distinto, é dicir, que non altere a finalidade para a cal foron recabados. No caso concreto dos datos de saúde, o artigo 9.2 deste establece os supostos que abeiran o tratamento deste tipo de datos.

Resulta tamén de aplicación a Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, que adapta a nosa lexislación nacional ao referido no regulamento europeo.

Noveno.- De acordo co anterior, co fin de cumprir as previsións da normativa vixente en materia de protección das persoas físicas, no que respecta ao tratamento de datos persoais, cómpre establecer as cláusulas que regularán a cesión de datos de carácter persoal relativos á información e documentación clínica das persoas con trastornos aditivos atendidas na unidade asistencial de drogodependencias xestionada polo Concello de Cangas.

As partes recoñecen mutuamente a capacidade legal necesaria para formalizar este acordo de





colaboración, que someten ás seguintes:

Cláusulas

Primeira.- Obxecto e finalidade

O presente acordo ten por obxecto regular as condicións nas que se levará a cabo entre as partes a cesión ou comunicación de datos de carácter persoal necesarios para a realización de determinadas tarefas propias do persoal dos equipos asistenciais da unidade asistencial de drogodependencias da que dispón o Concello de Cangas.

Na súa virtude, o Concello de Cangas obrígase a ceder ao Servizo Galego de Saúde os datos de índole socio-sanitario recabados no exercicio das funcións inherentes á asistencia en materia de adicións correspondentes ás persoas que manteñen tratamento da que é titular este Concello.

Dita actividade se realiza segundo o disposto no 'Circuito de asistencia sanitaria aos trastornos aditivos en Galicia', de xeito acorde co 'Catálogo de programas asistenciais de drogodependencias', e ao abeiro do convenio de colaboración establecido entre o Servizo Galego de Saúde e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), ao que este Concello tense adherido para a realización de programas de atención e protección da saúde.

Estes datos serán incorporados á Historia Clínica Única do Servizo Galego de Saúde e ao aplicativo de xestión asistencial Xeceas Web do Servizo galego de Saúde, coa finalidade de mellorar os servizos de prestación de asistencia socio-sanitaria pública ás persoas que presentan trastornos aditivos, favorecendo a coordinación das actuacións realizadas polos profesionais destas unidades e do servizo público de saúde, co fin de realizar unha intervención integral.

Quedarán constancia, no Xeceas Web, daqueles pacientes cuxos datos teñan sido cedidos co fin de que as persoas interesadas poidan exercer os seus dereitos en materia de protección de datos.

Para o cumprimento deste acordo as partes axustaranse, ademais da normativa que con carácter xeral resulte de aplicación, ás seguintes disposicións normativas:

1.1. Normativa reguladora da protección de datos de carácter persoal

- Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, deo 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación deses datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE.

1.2. Normativa de carácter sanitario, especialmente no que a tratamento de datos de carácter persoal se refire

- Lei 41/2002, de 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e deberes en materia de información e documentación clínica.





- Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia

- Lei 3/2001, de 28 de marzo, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes.

- Decreto 29/2009, de 5 de febreiro, polo que se regula o uso e acceso á historia clínica electrónica.

Así mesmo as partes axustaranse, no que resulte de aplicación, á normativa que modifique ou substitúa devanditas disposicións normativas.

Segunda.- Características dos datos a ceder

Serán obxecto de cesión única e exclusivamente aqueles datos xerados nas actividades desenvoltas na unidade de asistencia ás drogodependencias do Concello de Cangas, ao abeiro do convenio de colaboración suscrito co Servizo Galego de Saúde para o desenvolvemento de programas de asistencia sanitaria en materia de drogodependencia, referido na cláusula anterior.

En concreto serán obxecto desta cesión aqueles datos pertencentes a aquelas persoas que manteñan tratamento neste dispositivo durante a vixencia do presente acordo e daqueles outros que tiveran realizado algún programa de asistencia sanitaria nos derradeiros cinco anos.

Incluiranse aqueles datos de índole socio-sanitaria recadados polos profesionais destas unidades asistenciais e de identificación persoal actualmente arquivados no aplicativo Xeceas Clipper, entre os que se atopan datos de identificación persoal, situación social, programas de tratamento aos que permanece adscrito, histórico dos resultados de ouriño-análise para a detección de substancias e pautas de prescrición de farmacolóxica, entre outros.

Esta información será incorporada ao aplicativo Xeceas Web de xestión asistencial da rede de asistencia a drogodependencias, propiedade do Servizo Galego de Saúde. Co fin de mellorar a coordinación entre os diferentes profesionais do Servizo Galego de Saúde que levan a cabo intervencións sanitarias e mellorar a asistencia prestada desde todos os dispositivos, especialmente os servizos de urxencia, os datos relativos ás determinacións de laboratorio e ás prescricións de derivados opiáceos tamén serán incluídas nos ficheiros da historia clínica electrónica propiedade do Servizo Galego de Saúde.

Terceira.- Condicións da cesión

Dado que a cesión de datos á que se refire este acordo comporta a identificación de concretas persoas físicas, convértese nunha comunicación de datos de carácter persoal, á cal resulta abeirada polo artigo 9.2 do Regulamento (UE) 2016/679, en consonancia co disposto na disposición adicional decimosétima da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro.

Para poder ceder os datos de carácter persoal e de índole socio-sanitaria recollidos polo persoal da unidade asistencial de drogodependencias xestionada polo Concello de Cangas no exercicio das súas funcións inherentes á asistencia en materia de adicións ao Servizo Galego de Saúde, é necesario cumprir os seguintes requisitos:





- a) Que o concello teña correctamente documentado o tratamento dos datos realizado.
- b) Que no citado tratamento estea prevista a cesión de ditos datos a algunha administración pública.

A partir da comunicación destes datos, a Consellería de Sanidade, como responsable do sistema de información do Sistema Público de Saúde de Galicia, pasará a ser responsable destes e establecerá as condicións de acceso e as políticas de seguridade necesarias para salvagardalos.

Cuarta.- Entrada en vigor e duración do acordo

O presente acordo entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura, finalizando a súa vixencia cando se alcance o seu obxecto. En todo caso, non se prolongará mais aló do 31 de decembro de 2019, agás que as partes o acorden expresamente, antes da finalización do prazo de vixencia consonte co establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

Quinta.- Financiamento

As actuacións previstas no presente acordo non xerarán custos nin darán lugar a contraprestacións financeiras entre as partes e polo tanto, non precisa consignación orzamentaria.

Sexta.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste acordo:

- a) O transcurso do seu prazo de vixencia sen terse acordado a prórroga deste.
- b) O incumprimento total ou parcial das súas cláusulas.
- c) O mutuo acordo entre as partes asinantes deste.

Sétima.- Comisión mixta de seguemento

Para facilitar o seguemento e cumprimento das actividades a desenvolver, constituirase unha Comisión mixta de seguemento integrada por:

- A persoa titular da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, ou persoa que designe.
- A persoa titular da Subdirección Xeral de Sistemas e Tecnoloxías da Información da Consellería de Sanidade, ou persoa que designe.
- O/A alcalde/alcaldesa do Concello de Cangas, ou persoa que designe.

Dita comisión será a encargada da coordinación, execución e seguemento do presente





convenio e dos convenios específicos que se asinen ao abeiro deste.

A comisión mixta ditará as súas normas internas de funcionamento, debéndose reunir cando o solicite algunha das partes.

Á comisión mixta correspóndenlle, entre outras, as seguintes funcións:

- a) Impulsar e debater as iniciativas e accións que se propoñan levar a cabo en cumprimento do obxecto do presente acordo.
- b) Avaliar o grao de cumprimento e desenvolvemento do presente acordo e as súas posibles modificacións.
- c) Tratar sobre a interpretación, modificación ou resolución do presente acordo.

Oitava.- Natureza xurídica do acordo

Este acordo ten natureza administrativa e rexerese polo disposto nas súas cláusulas e, no seu defecto, pola Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do sector público.

A xurisdición competente para dirimir os conflitos que puidesen resultar desta será a contencioso-administrativa.

Novena.- Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno

A sinatura deste acordo de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervincentes para que a administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e a Lei galega 1/2016, de 18 de xaneiro.

E en proba de conformidade de canto antecede e para a debida constancia, asínase o presente acordo de colaboración por duplicado exemplar no lugar e data arriba indicados.

O alcalde do Concello de Cangas

O conselleiro de Sanidade

Xosé Manuel Pazos Varela

Jesús Vázquez Almuiña".

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

